

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI1QW	<i>Expediente</i> CON/8/2015	<i>Fecha</i> 18-09-15 14:40

Número 57 .- Rectificación de erro e reaxuste de anualidades no importe de adxudicación dos servizos de conservación e mantemento das instalacións do sistema de control de tráfico e do túnel do Hórreo no termo municipal de Santiago de Compostela.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 18 de setembro de 2015 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 57 .- RECTIFICACIÓN DE ERRO E REAXUSTE DE ANUALIDADES NO IMPORTE DE ADXUDICACIÓN DOS SERVIZOS DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DO SISTEMA DE CONTROL DE TRÁFICO E DO TÚNEL DO HÓRREO NO TERMO MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do informe-proposta, de data 7 de setembro de 2015, da xefe de servizo de Contratación e Servizos Comunitarios, conformado coa mesma data polo concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade. Así mesmo, do informe favorable nº 638/2015 de data 15.9.15 da técnico de Intervención, conformado pola Interventora municipal.

O devandito informe-proposta é do seguinte teor literal:

**EXPEDIENTE:** *Servizos de conservación e mantemento das instalacións do sistema de control de tráfico e do tunel do Hórreo no termo municipal de Santiago de Compostela.*

**ASUNTO:** *Subsanación erro no acordo número 26 da Xunta de Goberno Local de data 31/07/2015.*

**ANTECEDENTES:**

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMGZ11QW	CON/8/2015	18-09-15 14:40

Primeiro: Con data 2/07/2015 emítese informe proposta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago, relativo a adxudicación do contrato *Servizos de conservación e mantemento das instalacións do sistema de control de tráfico e do tunel do Hórreo no termo municipal de Santiago de Compostela* a empresa TELVENT TRAFICO Y TRANSPORTE S.A.

Segundo: Na proposta de resolución figura como importe de adxudicación 432.852,82 euros/ano (Ive aparte 21%:90.899,09 euros/ano), sendo a cantidade correcta de 423.852,82 euros/ano (IVE aparte 21%: 89.009,09 euros/ano)

Terceiro: A Xunta de Goberno de data 31/07/2015 adxudicou o contrato co importe incorrecto de 432.852,82 euros/ano (Ive aparte 21%:90.899,09 euros/ano).

En consecuencia, advertido o erro, en virtude do establecido no artigo 105.2 do LRJPAC procede a súa subsanación, de forma que no citado acordo,

**Onde di:** "Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **TELVENT TRAFICO Y TRANSPORTE S.A.**, por un importe de 432.852,82 euros/ano (IVE aparte 21%: 90.899,09 euros/ano)  
Anualidade 2015: 240.000 euros.  
Anualidade 2016: 523.751,91 euros  
Anualidade 2017: 283.751,91 euros"

**Debe dicir:** "Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **TELVENT TRAFICO Y TRANSPORTE S.A.**, por un importe de 423.852,82 euros/ano (IVE aparte 21%: 89.009,09 euros/ano)  
Anualidade 2015: 149.584,72 euros.  
Anualidade 2016: 512.861,91 euros  
Anualidade 2017: 363.277,19 euros"

## II CONSIDERACIÓNS:

1. Para o procedemento administrativo, con carácter xeral, artigos 163 a 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como artigos 68 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI1QW	<i>Expediente</i> CON/8/2015	<i>Fecha</i> 18-09-15 14:40

2. No que respecta a outras consideracións xurídicas, remítome, o anteriormente Informe - Proposta.

### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Correxir o erro no acordo número 26 da Xunta de Goberno Local de data 31/07/2015, relativo a adxudicación dos *Servizos de conservación e mantemento das instalacións do sistema de control de tráfico e do tunel do Hórreo no termo municipal de Santiago de Compostela* a favor da empresa **TELVENT TRAFICO Y TRANSPORTE S.A.** e proceder a un novo reaxuste de anualidades, do seguinte xeito:

**Onde di:** "Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **TELVENT TRAFICO Y TRANSPORTE S.A.**, por un importe de 432.852,82 euros/ano (IVE aparte 21%: 90.899,09 euros/ano)  
Anualidade 2015: 240.000 euros.  
Anualidade 2016: 523.751,91 euros  
Anualidade 2017: 283.751,91 euros"

**Debe dicir:** "Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **TELVENT TRAFICO Y TRANSPORTE S.A.**, por un importe de 423.852,82 euros/ano (IVE aparte 21%: 89.009,09 euros/ano)  
Anualidade 2015: 149.584,72 euros.  
Anualidade 2016: 512.861,91 euros  
Anualidade 2017: 363.277,19 euros".

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:**

Correxir o erro no acordo número 26 da Xunta de Goberno Local de data 31/07/2015, relativo a adxudicación dos *Servizos de conservación e mantemento das instalacións do sistema de control de tráfico e do túnel do Hórreo no termo municipal de Santiago de Compostela* a favor da empresa **TELVENT TRAFICO Y TRANSPORTE S.A.** e proceder a un novo reaxuste de anualidades, de xeito que:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 34.- LLEAB		
<i>Documento</i> CMGZI1QW	<i>Expediente</i> CON/8/2015	<i>Fecha</i> 18-09-15 14:40

**Onde di:** "Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **TELVENT TRAFICO Y TRANSPORTE S.A.**, por un importe de 432.852,82 euros/ano (IVE aparte 21%: 90.899,09 euros/ano)  
Anualidade 2015: 240.000 euros.  
Anualidade 2016: 523.751,91 euros.  
Anualidade 2017: 283.751,91 euros".

**Debe dicir:** "Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **TELVENT TRAFICO Y TRANSPORTE S.A.**, por un importe de 423.852,82 euros/ano (IVE aparte 21%: 89.009,09 euros/ano)  
Anualidade 2015: 149.584,72 euros.  
Anualidade 2016: 512.861,91 euros.  
Anualidade 2017: 363.277,19 euros".

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

